




XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



PLAN DIXITAL 2023-2024 IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS



1. INTRODUCCIÓN

1.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN NO CENTRO

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas está situado na rúa Xosé Neira Vilas n.º 3 de Perillo (Oleiros). As etapas educativas impartidas son : ESO e Bacharelato (Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais). Este curso están matriculados no centro un total de 380 alumnos e alumnas (288 na ESO e 92 en Bacharelato) e actualmente contamos cun total de 41 profesoras e profesores, e 2 auxiliares de conversa. O persoal non docente está composto por 2 conserxes, 1 administrativo e 2,5 persoas de limpeza.

O instituto comeza a funcionar no 1989 e consta dun edificio principal onde están situadas todas as aulas agás a de Música que se atopa nun anexo (Torre) comunicado co edificio principal pola segunda planta. Tamén hai dous patios descubertos empregados como campos de xogos para distintos deportes.

A área de influencia no mapa escolar do concello correspóndese coa do seu centro adscrito – o CEIP Ramón María del Valle Inclán e- e abrangue lugares noutras parroquias limítrofes como Liáns ou Oleiros. Perillo é a zona de maior densidade de poboación do municipio. Os datos respecto á orixe dos habitantes de Oleiros recollen un 12,27 % de estranxeiros, maiormente procedentes de Venezuela, Arxentina, Brasil, Colombia e Reino Unido. Proporción que se reflicta tamén nunha porcentaxe similar de alumnado estranxeiro no centro. O número de habitantes no concello segue medrando, pero non é probable unha repercusión desa tendencia na poboación escolar nos anos vindeiros. A pesar de vivir nun dos concellos de maior renda “per cápita” de Galicia, ese nivel de renda non chega por igual a todas as familias. Esta desigualdade tamén chega ao alumnado do Neira Vilas que é diverso no que á súa extracción socioeconómica respecta.

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas- ten longa traxectoria na implantación de traballo por proxectos, sendo ademáis centro EDIXGAL e único centro Bachibac en Galicia. Asemade, no curso pasado recibíuse dotación para crear un Polo Creativo que dará os seus primeiros pasos no curso actual.

1.2. Xustificación

O Plan Dixital do noso centro ten como referencias normativas a **Lei Orgánica de Educación 3/2020** de 29 de novembro por la que se modifica la Lei 2/2006, de 3 de maio. En concreto, o **artigo 111bis** referido ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación nos apartados 5 e 7, o seu **artigo 121** cando refírese a que o Proxecto Educativo do Centro recollerá a estratexia dixital do mesmo.

Tamén se terá en conta a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022 (artigos 15 e 18), e a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022 (artigos 18 e 21) que establecen a obriga de realizar un Plan Dixital e ditan instrucións para o deseño do Plan Dixital nos centros docentes.

1.3. Proceso de elaboración

Tivéronse en conta a consecución de obxectivos e os resultados das enquisas do curso pasado, así coma as debilidades observadas nos membros da comunidade educativa durante as primeiras semanas do curso. Foi redactado pola Coordinadora do Plan Dixital, coa colaboración do equipo directivo e o asesoramento do ADIX asignado ao centro.

1.4. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro dispón dos seguintes recursos e ferramentas TIC:

- 24 aulas con conexión a internet, 19 de elas dotadas con portátil, pizarra (Smart Boards ou Multi Class Board) e proxector Epson, das que 11 son aulas E-Dixgal;
- 2 aulas de informática con 20 ordenadores;
- 10 ordenadores portátiles na Biblioteca para o uso do alumnado;
- conexión a internet por fibra e rede WIFI (edu.xunta e ABALAR) á disposición do persoal e alumnado con dispositivos da Consellería. O espazo wifi está dispoñible nos espazos adicados á docencia;
- todo o alumnado da ESO e 16 docentes contan con portátiles do programa E-Dixgal;
- 1 aula coa dotación de Polo Creativo.

1. CONTEXTO DAFO

En primeiro lugar, utilizouse o resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa (ver Anexo I).

En segundo lugar o Test de Competencia Dixital Docente (TCDD) que foi outro dos elementos usados para elaborar a análise DAFO (ver Anexo II).

ANÁLISE

Aínda que o centro o conta con **infraestructuras** e equipamento dixital en tódalas aulas, parte del (pcs e pizarras dixitais) están dando certos problemas de funcionamento que xeneran inquietude e mal estar no profesorado xa que ás veces as averías non se solventan coa necesaria premura.

Debido á falta de espazos, as aulas de informática non poden acoller a certos grupos de alumnado (posto que só teñen 20 postos).

O alumnado de bacharelato nas materias comúns non pode empregar as aulas de informática porque a ratio respecto a capacidade das aulas non a fai posible. Asemade no caso de materias específicas ten difícil acceso ao emprego dos ordenadores do centro, posto que as aulas de informática non sempre están libres e coinciden á mesma hora varias materias optativas en 1º e 2º de BAC.

Aínda que existe un grupo de **profesorado** interesado en mellorar as súas competencias dixitais, a porcentaxe de participación nos cuestionarios SELFIE do curso pasado non acadou o 55% e o nivel de competencia dixital do profesorado do centro corresponde a un B1. En canto á puntuación e nivel de competencia do centro por competencias a puntuación media foi dun 4/10 e resulta destacable o feito de que a nivel de compromiso profesional só se acada un 4,5/10. Estes poderían ser algúns dos motivos polos que xurden tantos atrancos no día a día do traballo dixital do profesorado.

O **persoal non docente** amosa colaboración máxima no ámbito dixital do centro.

Aínda que nos últimos cursos mellorou a competencia dixital do **alumnado** a participación segue incrementándose dun xeito inversamente proporcional á idade: a menor idade, maior implicación colaborativa en redes.

Sería necesario optimizar a competencia dixital do alumnado no emprego das plataformas educativas e no manexo de aplicacións que lles permitan facer traballos para as diferentes materias.

En xeral hai unha boa predisposición das **familias** en relación á comunicación e ao emprego das plataformas dixitais para o aprendizaxe, pero este aspecto sería mellorable naquelas familias con baixo rendemento económico.

En canto aos factores externos, destacaríase o feito de que a Administración non está a motivar, nin con reducións para maior dedicación ao traballo dixital nin con incentivos económicos, o interese do profesorado por mellorar a súa competencia dixital.

2. OBXECTIVOS

COD.	OBXECTIVO	ACCIÓN	INDICADOR
O1PD	Mellorar a competencia dixital do profesorado a través da optimización no emprego das aulas virtuais e EVA E-Dixgal, así coma da aplicación PROENS	Crear un curso na AV do centro no que estará matriculado todo o profesorado e que servirá de referente, recordatorio temporal (a través de tarefas) e consulta para xestionar as súas aulas virtuais e EVA edixgal, así coma para manter actualizada súa programación en PROENS.	Porcentaxe de acceso ao curso da AV
O2PD	Mellorar a competencia dixital do alumnado en canto aos riscos e ameazas no uso das TIC	Asistencia de unha parte do alumnado ás charlas organizadas no marco do Plan director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e a súa contorna. Este curso pedíronse actividades en relación a delitos de acoso e ciberacoso	Resultados dun test realizado con posterioridade (tanto para alumnado como para profesorado acompañante) que permita valorar a aportación de información obtida nas charlas
O3PD	Mellorar a comunicación coas familias que teñen máis problemas no uso dos medios dixitais	Celebrar unhas xornadas de orientación familiar sobre o emprego das ferramentas dixitais de comunicación co centro, así como información básica sobre o funcionamento de E-Dixgal e das ferramentas que para o uso da mesma ofrece a Administración	Porcentaxe de asistencia ás xornadas informativas

3. SEGUIMIENTO

Farase un análise das accións levadas a cabo en cada trimestre, observando para aquelas que se prolonguen durante todo o curso qué aspectos serían mellorables cara ao seguinte trimestre.

4. AVALIACIÓN

A avaliación do Plan Dixital ten como obxectivo medir o grao de consecución dos obxectivos e das accións plantexadas. Farase un análise dos seus indicadores de logro e tamén se terán en conta as observacións feitas no apartado de Seguimento para validar a realización de cada unha das accións.

5. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

O Plan Dixital será publicado na páxina web do instituto (www.iesneiravilas.es) e será enviado ao profesorado e aos membros do Consello Escolar para a súa aprobación e posteriormente dar difusión a toda a comunidade educativa.